edanxestion
CONSULTORÍA DE EMPRESA

# CONVOCATORIAS PÚBLICAS PARA EMPRESAS E PROFESIONAIS:

## guía práctica para presentarse eficazmente a elas

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

## Formación en grupo, parte 1: Liñas básicas para a tramitación de convocatorias públicas.

Sesión de **1 hora e 30 minutos** onde se tratarán os seguintes contidos, enunciados en forma de competencias a adquirir polas/os participantes:

1.- Familiarizarse coa estrutura formal e de contidos dunha convocatoria pública.

2.- Entender sobre que trata: o obxecto da convocatoria.

3.- Poder determinar se podo presentarme a dita convocatoria.

a) Requisitos que debo cumprir.

b) Documentación que debo aportar.

4.- Saber en que beneficia ao meu negocio, e que obrigas/compromisos implica.

5.- Entender os criterios de valoración que se establecen.

6.- Identificar o proceso administrativo e os prazos.

## Formación en grupo, parte 2: Como comunicar axeitadamente a miña idea de negocio nas convocatorias.

Sesión de **1 hora e 30 minutos** onde se tratarán os seguintes contidos, enunciados en forma de competencias a adquirir polas/os participantes:

1.- Identificar cal é a miña idea de negocio.

2.- Sabela transmitir de forma resumida a partires dun resume executivo.

3.- Saber comunicar a información: transmitir adrcuadamente aquilo que será mellor valorado (segundo os criterios de valoración requiridos).

## Formación individual, sesión 1.

Sesión de **1 hora/participante** onde se realizarán as seguintes tarefas:

a) Prácticas sobre supostos concretos (elixidos por cada participante) de convocatorias públicas.

b) Aplicación dos conceptos e coñecementos transmitidos na formación en grupo, ás realidades ce necesidades concretas de cada participante.

c) Proposta de actividades prácticas para a seguinte sesión de formación individual.

## Formación individual, sesión 2.

Sesión de **1 hora/participante** onde se realizará a seguinte tarefa:

a) Seguimento das actividades prácticas propostas na anterior sesión de formación individual.

## Seguimento en liña.

Dende o comezo da actividade ata 1 semana despois de rematar a 2ª sesión da formación individual, existirá un seguimento on-line a través de e-mail, para consultas, dúbidas, aclaracións ou comentarios dos/as participantes.

B

## CRONOGRAMA

A actividade dará comezo o 30 xaneiro 2017.

- A formación en grupo terá lugar en 2 días consecutivos: luns 30 e martes 31 de xaneiro, en horario de 10:30 a 12 horas.
- A primeira sesión da formación individual realizaríase entre os días 1 e 3 de febreiro, e será de 1 hora de duración. Fixaremos, de común acordo coas persoas participantes, cita para a sesión individual, sempre dentro das marxes horarias que indicamos: de 9:30 a 13:30, e de 15:45 a 18:45 horas.
- A segunda sesión da formación individual realizaríase entre os días 6 e 8 de febreiro, e será igualmente de 1 hora de duración. Fixaremos, de común acordo coas persoas participantes, cita para esta segunda sesión individual, dentro das marxes horarias que indicamos: de 9:30 a 13:30, e de 15:45 a 18:45 horas.
- Exisitirá seguimento en liña, a través da dirección de correo electrónico que se proporcionará ás persoas participantes, dende o luns 30 de xaneiro ata o venres 10 de febreiro.

A continuación representamos graficamente o calendario proposto.

| 30 xan. luns | 31 xan. martes | 1 feb. mérc. | 2 feb. xoves | 3 feb. venres | FIN DE SEMANA | 6 feb. luns | 7 feb. martes | 8 feb. mérc. | 9 feb. xoves | 10 feb. venres |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **FORM. GRUPAL** PARTE 1 **10:30 a 12:00 h.** | **FORM. GRUPAL** PARTE 2 **10:30 a 12.00 h.** | **FORM. INDIV.** SES. 1 **9:30 a 13:30 h. e de 15:45 a 17.45 h.** | **FORM. INDIV.** SES. 1 **9:30 a 13:30 h. e de 15:45 a 17.45 h.** | **FORM. INDIV.** SES. 1 **9:30 a 13:30 h. e de 15:45 a 17.45 h.** | | **FORM. INDIV.** SES. 1 **9:30 a 13:30 h. e de 15:45 a 17.45 h.** | **FORM. INDIV.** SES. 1 **9:30 a 13:30 h. e de 15:45 a 17.45 h.** | **FORM. INDIV.** SES. 1 **9:30 a 13:30 h. e de 15:45 a 17.45 h.** | | |
| **SEGUIM.EN LIÑA** | | | | | | **SEGUIM.EN LIÑA** | | | | |